OLLOS QUE NON VEN...





S I N O P S E

Ollos que non ven... xorde como a posta en obra dunha interrogación común: que é —ou pode chegar a ser— o desexo? Que relacións se entretecen nas tensións, atraccións e distanciamentos, entre dous corpos en escena? Que silencios resoan nun cruce de miradas —ou na ausencia do mesmo—? Se, como di Simone Weil[1], a fractura entre o desexo e o seu obxecto é condición da verdade —forza, enerxía precipitándose a unha exterioridade absoluta—, *Ollos que non ven...* pode ser definida como unha investigación ou, se cadra, como un proceso; un descenso ás feridas íntimas, á fenda entre unha interioridade inescrutable e un afora cuxa lóxica se nos escapa, entre o que a anatomía nos mostra e o que nos repregues da pel se desvía de toda mirada.

Tomando como eixo metodolóxico a improvisación —a partir de imaxes, xestos e sonoridades—, *Ollos que non ven...* constrúe un campo de experimentacións artísticas que, afondando na vulnerabilidade de dúas actrices —cuxa relación acaba por redobrarse na presenza dun terceiro actor—, procura facer aflorar a beleza da imperfección. Nun proceso de montaxe que toma os seus elementos constitutivos do teatro, a danza e a *performance*, *Ollos que non ven...* emprega como materiais de traballo a memoria, a escritura, o pensamento e o movemento coreográfico, entendendo o corpo, seguindo a estela trazada por Pina Bausch, como o centro de todo acontecer escénico.

[1] Weil, S. (2023). *El deseo* (J. L. Piquero, trad.). Hermida Editores.





E S P A Z O E S C É N I C O

A proposta precisa dun espazo diáfano ou *caixa negra*, cuxas dimensións poderán adaptarse segundo a dispoñibilidade —preservando unhas medidas mínimas de 4m (fondo) x 5m (ancho)—.

— Mesa de aceiro inoxidable
— Cadeiras (2)
— Manequín de costura
— Radio-cassettes (4)
— Flexos (2)
— Piano de parede
— Banqueta
— Linóleo negro

Todo o material, a excepción do linóleo, é aportado pola compañía.

ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS

SON

– Toma de corrente: directo en escena
– Amplificador para instrumentos acústicos (Fishman Loudbox Mini)
– Micrófono dinámico (SHURE SM58)
– Cable de micrófono XLR

O equipamento de son é aportado pola compañía.

ILUMINACIÓN


– 16 PC 1000W
– 2 RECORTES 750W 25º/50º
– Mesa de luces

A mesa de luces é aportada pola compañía.


Cómpre sinalar que tanto o son como as luces son controlados dende escena polas propias actrices.

DURACIÓN DO ESPECTÁCULO: 45 min.

(Apto para todos os públicos).



PLANO DE LUCES



APARATOS

PC 1000W

RECORTE 750W 25º/50º





VESTIARIO

– Vestido curto branco de saia plisada
– Vestido longo vermello en tea satinada
– Frac negro, completado por camisa branca, zapatos negros e gravata de moño negra



TEXTO TEATRAL

APERTURA

A: *(De fronte, mirando a público.)*
Supurei sangue en celulosa
sobre a que destacaban protuberancias xelatinosas.
E entón fun quen de atopar as palabras axeitadas
para aquilo que levaba xa tempo intentando expulsar
para observar
volver a introducir
precintar
e calar.

Calei.
Calei e empecei a escoitar.

Ogallá puidese revirar as miñas córneas
dentro da órbita dos meus ollos
e deixalas caer ata o fondo do meu peito.

Ou observar o meu corpo tendido nunha mesa de operacións
tendo o poder de diseccionalo.

COMENTARIO A SIMONE WEIL

B: *(A través dunha cinta que* A *reproduce nunha radio-cassette.)*
Se un descende ao seu interior
encontrará que posúe exactamente o que desexa.
Non nos desapegamos, cambiamos o apego.
Apegarse a todo.
O belo, realidade sen apego.
O belo é o que desexamos sen querer comelo.
Desexamos que exista.
Querer o imposible, pensar o absurdo, amar o mal.

(Pausa.)

Houbo unha época en que quixen facerme moi pequena.
Supoño que simplemente, pois non...
Non quería ocupar espazo.
Non quería que o meu corpo ocupase ningún lugar.
Non quería que estivese en ningún lugar.
Só quería deixar o máximo de baleiro posible.
E ás veces aínda me pregunto por que.

Por que unha simplemente quere...
Desaparecer.
Como...
Non ser...
Como se alí houbese algunha posibilidade
cando realmente é imposible.

Facerte pequena...
Minúscula...
Invisible.

E cústame moito crer que alí realmente haxa algunha beleza,
a verdade.
Por moito que diga isto de aquí... *(Ri.)*

C O N F E S I Ó N D E A

A: *(Mirando a público, falando a través do micrófono.)*
Hai momentos nos que me sinto ben conmigo mesma.
Nos que maquillo as miñas imperfeccións
no canto de coidalas.
E poño o foco en satisfacerte.
Como se fose a miña principal misión.

Transfórmome
actúo
performo para os teus ollos
como se fose a miña única e principal misión.

Non me presta traballar en min mesma.
Implica moitas noites sen durmir
e non quero ter mala cara.
Non me apetece gastar cartos en cosméticos
ou en xeos para desinflamar as miñas bolsas.
Os xeos prefiro deixalos para prepararme unha copa
ou para os *esguinces* que fago polo camiño.
Prefiro apretar os dentes e deixarme levar.
Deixarme mecer.

Non me pidas perdón.
Non quero o teu perdón.
Eu non censuro a medida.
Non limito a porcentaxe.

Eu fago montes de area coas mans.
Non quero castelos nin torres.

Mézome no *columpio*
e en cada vaivén vexo unha nova paisaxe.
Nunca está igual.
Ás veces, collo moitísimo impulso
e case consigo acadar as pólas das árbores cos meus pés.
Pero a inercia lévame de volta no sentido contrario.
Tanto me ten.
Porque o vento que golpea a miña cara
fai que os meus ollos se manteñan lubricados
como mecanismo de autodefensa.
Ata incluso ás veces
cáeme algunha bágoa.

E entón
reclínome cara atrás
e recréome nesa sensación.

P A S D E D E U X

(A unha fronte á outra, A *e* B *inician un xogo de improvisación, o cal consiste en repetir o que a outra di a partir de frases extraídas da* CONFESIÓN DE A*, aumentando progresivamente a velocidade.)*

